

DON JOSÉ MARIA BAÑOS CAMPO SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2017 en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS

A) CONTRATACIÓN.

A1. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.001-SERVPA17).

FEITOS

1º.-Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 15/05/2017, prestouse aprobación; ao prego de cláusulas administrativas (PCAP); ao prego de prescricións técnicas (PPT) e ao expediente para a contratación DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.001-SERVPA17) e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación aberto; tramitación ordinaria e con varis criterios de adxudicación suxeito a regulación armonizada; insertandose os debidos anuncios de licitación no BOE e no DOUE .

A citada aprobación leva aparelada a aprobación do gasto correspondente para este Concello representa a contratación citada, con cargo á aplicación 231.227.06 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello vixente para o exercicio 2017.

2º.- Rematado o prazo de presentación de ofertas segundo o disposto no PCAP, iniciouse o desenvolvemento do acto licitatorio en distintas fases determinadas pola apertura dos sucesivos sobre previstos no PCAP.

Resultando finalmente que a vista dos distintos criterios de adxudicación que a Mesa de contratación, pola unanimidade dos seus membros, acorda á vista do contido das proposición achegadas e en cumprimento do disposto no prego existindo acorda propoñer á entidade FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL F.E.P.A.S como adxudicataria do contrato, previo requirimento da documentación á que se refire a cláusula 16ª do prego administrativo reitor da contratación.

3º.-Transcorrido o prazo legalmente establecido dende a recepción do requirimento ao que se refire o art. 151.2 do TRLCSP en relación coa cláusula 15ª do PCAP constatouse que, FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL F.E.P.A.S constituíu a garantía definitiva e verificouse que se atopa ao

corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que cumpre cos requisitos de solvencia técnica e económica esixidos polo PCAP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Polos feitos anteriormente expostos, concorren as circunstancias dispostas no artigo 151 do TRLCSP para a adxudicación do presente contrato.

Por todo elo a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

Primeiro.- ADXUDICAR o DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.001-SERVPA17). á FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL F.E.P.A.S, quen se obriga ao cumprimento do contrato do seguinte xeito que deberá cumprir con estrita suxeición aos pregos reitores da contratación e a súa oferta:

		BASE	IVE
DEPENDENCIA	FESTIVA	15,44	EXENTO
	DIURNA	13,43	EXENTO
BÁSICA	DIURNA	13,43	EXENTO

	DESCRIPCIÓN
AXUDAS TÉCNICAS	4 guindastres
	4 camas articuladas
	5 colchóns antiescaras
	5 cadeiras xiratorias de baño
	5 cadeiras xiratorias de rodas manuais

	DESCRIPCIÓN
Limpezas de choque/o en profundidade	Bolsa de horas anuais: 60 horas

	DESCRIPCIÓN	BOLSA HORAS / ANO
Servizos complementarios	PODOLOXÍA	20 Horas/año
	FISIOTERAPIA	20 Horas/año

	TERAPIA OCUPACIONL A DOMICILIO	20 Horas/año
--	--------------------------------	--------------

	BOLSA HORAS / ANO
Atencións extraordinarias do servizo en situacións de emerxencia	60 horas/año

	DESCRIPCIÓN	NUMERO DE CHARLAS OFERTADAS
Accións formativas para habituais coidadores	Cambios posturais e transferencias	2
	Coidado ó coidador	2
	Actividade de prevención da dependencia e a autonomía	1,00
	Hábitos saudables	1,00

Segundo.- O gasto poderá ser contabilizado con cargo á aplicación 231.227.06 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello vixente para o exercicio 2017 e seguintes.

Terceiro.- COMUNICAR ao adxudicatario que a formalización do contrato deberá efectuarse no máis tarde dos **QUINCE DÍAS HÁBILES** seguintes a aquel en que sexa recibida a presente notificación de adxudicación de conformidade co previsto no artigo 156 do TRLCSP e a cláusula 18ª do PCAP.

Cuarto.- PUBLICAR a presente adxudicación e formalización no Perfil do Contratante do Concello de Monforte de Lemos, cuxa dirección é www.monfortedemos.es, no BOE e no DOUE e notificalo aos licitadores o domicilio indicado polos mesmos, de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares. “

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos a dezoito de xullo de 2017.

Vº e Pce.
O ALCALDE

José Tomás Reza

